



XUNTA  
DE GALICIA

CONGRESO DE COMUNIDADES ENERXÉTICAS  
OTC DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

O PAPEL DO INEGA NO IMPULSO DAS  
COMUNIDADES ENERXÉTICAS

**Barro, 10 de setembro de 2025**

**Javier Domínguez González**

*Director Dpto. Enerxía do Instituto Enerxético de Galicia*



XUNTA  
DE GALICIA

# O PAPEL DO INEGA NO IMPULSO DAS COMUNIDADES ENERXÉTICAS



# Índice

## **1. AXENDA ENERXÉTICA DE GALICIA 2030**

1.1. Introducción

1.2. Obxectivos

1.3. Accións e medidas relacionadas coas CCEE

## **2. LIÑAS DE APOIO E INCENTIVOS DO INEGA**

2.1. Aforro e eficiencia enerxética


2.2. Enerxías renovables

2.3. Mobilidade sostible

# **1. AXENDA ENERXÉTICA DE GALICIA 2030**

# 1. AXENDA ENERXÉTICA DE GALICIA 2030

## 1.1 INTRODUCCIÓN



- ✓ A AXEGA 2030 enmárcase dentro do **Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030** → EIXE 2 – Medio Ambiente e adaptación ao cambio climático:
  - 2.1) Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas, dando prioridade ás fontes de enerxía renovables, e potenciando a eficiencia enerxética en todos os sectores.
  - 2.2) Garantir unha mobilidade sostible.

# 1. AXENDA ENERXÉTICA DE GALICIA 2030

## 1.1 INTRODUCCIÓN

✓ Obxectivos estratéxicos:

1. Galicia rexión neutra en carbono en 2050.
2. Diminuír a dependencia enerxética do exterior.
3. Descarbonización dos sectores económicos e sociais.
4. Posicionar a Galicia como polo enerxético innovador.
5. Sector industrial máis competitivo: nova industria máis eficiente e sostible.

✓ Desenvolvemento de liñas de acción englobadas en sete eixos de actuación:




Para a descarb. de  
ámbitos asociados a  
usos enerxéticos,  
actuando sobre:

- Xeración de enerxía eléctrica.
- Mobilidade e transporte.
- Industria.
- Edificios.
- Almacenamento enerxético.

# 1. AXENDA ENERXÉTICA DE GALICIA 2030

## 1.2 OBXECTIVOS



### ✓ Obxectivos cuantitativos a 2030:

**55%** de redución nas  
emisións de gases de efecto  
invernadoiro totais respecto  
ás de 1990

**58%** de renovables  
no consumo de enerxía final

**84,8%** de renovables na  
xeración de enerxía eléctrica

#### Para a súa consecución:

- 7 eixos de actuación.
- 23 accións.
- 56 medidas.

# 1. AXENDA ENERXÉTICA DE GALICIA 2030

## 1.3 ACCIONES Y MEDIDAS RELACIONADAS CON LAS CCEE

### ✓ AXEGA 2030 – EJE 1 Desarrollo de energías renovables:

- **Acción 1.1** Incremento de la producción de energía renovable potenciando el aprovechamiento de los principales recursos energéticos renovables locales:
  - Medida 1 Incremento de la energía eléctrica y de la energía térmica generadas mediante fuentes de energía renovable.
  - Medida 2 Fomento del aprovechamiento de nuevas fuentes de energía renovable.
- **Acción 1.2** Integración de las energías renovables e impulso en el desarrollo del almacenamiento energético:
  - Medida 3 Impulso a las infraestructuras de almacenamiento energético que favorezcan el paso a una economía electrificada basada en fuentes de energía renovable.
- **Acción 1.3** Impulso al autoconsumo eléctrico y a la generación distribuida:
  - Medida 4 Fomento de la generación eléctrica a nivel industrial, residencial y de creación de comunidades energéticas locales y empresariales.
- **Acción 1.4** HUB de Hidrógeno renovable de Galicia:
  - Medida 5 Impulso al desarrollo y aplicación de las tecnologías del hidrógeno renovable.
  - Medida 6 Incentivos a proyectos de aplicación de hidrógeno renovable.



# 1. AXENDA ENERXÉTICA DE GALICIA 2030

## 1.3 ACCIONES Y MEDIDAS RELACIONADAS CON LAS CCEE

### ✓ AXEGA 2030 – EJE 5 Desarrollo tecnológico e innovación:

- **Acción 5.1** Impulso de Galicia como polo de referencia nacional e internacional en el desarrollo de proyectos energéticos innovadores:
  - Medida 41 Creación del Polo de Innovación en Energías Marinas y Almacenamiento Energético de Galicia.
  - Medida 43 Generación de conocimiento en las tecnologías del hidrógeno renovable.
- **Acción 5.3** Desarrollo de proyectos en el marco de la RIS3 Galicia 21-27:
  - Medida 46 Incentivos al desarrollo de proyectos innovadores relacionados con las cadenas de valor de las energías renovables y el almacenamiento energético.
- **Acción 5.4** Fomento de los polígonos empresariales ecoeficientes:
  - Medida 47 Incentivos a la mejora de las infraestructuras energéticas en polígonos empresariales.
  - Medida 48 Impulso a la creación de comunidades energéticas empresariales.
- **Acción 5.5** Impulso a la fabricación de componentes relacionados con las energías renovables y el almacenamiento energético:
  - Medida 49 Incentivos a la implantación de plantas de fabricación de componentes relacionados con las energías renovables y el almacenamiento energético.

# 1. AXENDA ENERXÉTICA DE GALICIA 2030

## 1.3 ACCIONES Y MEDIDAS RELACIONADAS CON LAS CCEE

### ✓ AXEGA 2030 – EJE 6 Transición xusta:

#### ○ **Acción 6.1** Plan de aforro enerxético dirixido ás familias:

- **Medida 50** Incentivos dirixidos á mellora da eficiencia enerxética nos fogares coa renovación de equipamento enerxético máis eficiente.
- **Medida 51** Impulsar campañas informativas e divulgativas para a mellora de hábitos de consumo e o aforro enerxético.
- **Medida 52** Impulsar campañas informativas para o asesoramento en materia de facturación enerxética.
- **Medida 53** Fomento do autoconsumo enerxético nas as familias, con especial atención ás comunidades enerxéticas locais.
- **Medida 54** Programas de formación de profesionais relacionados coas enerxías renovables, eficiencia enerxética, mobilidade sostible, novas enerxías e almacenamento enerxético.

## **2. LIÑAS DE APOIO E INCENTIVOS DO INEGA**

## 2.1 AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA

# EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EMPRESAS 2025-2026

**7,5 M€**

Prazo:  
15 de setembro 2025

**+ 130 M€** Previsión investimentos mobilizados

20% - 55%  
axuda



- ❑ Procedemento **IN417Y** para empresas e investimentos superiores a 15.000 €.
- ❑ Actuacións subvencionables: proxectos de aforro e eficiencia enerxética que acaden unha rateo de aforro/investimento mínimo de 0,3 kWh/€ para grandes empresas e 0,2 kWh/€ para pemes. A rateo redúcese a 0,1 no caso de proxectos que xustifiquen unhas reducións do 30 % das emisións de CO<sub>2</sub>
- ❑ Axudas do **35%-45%-55%** do coste subvencionable segundo sexa gran empresa, mediana ou pequena empresa. Para melloras de edificios as axudas serán do **20%-30%-40%** do coste subvencionable segundo sexa gran empresa, mediana ou pequena empresa
- ❑ Máximo 1 M€ por expediente salvo para empresas transformadoras de produtos da pesca que se limita a 0,3 M€.

# BONO ENERXÍA PEME 2025

**2,5 M€**

Prazo:  
Ata 25 de xuño 2025  
**Fondos agotados**

**+ 3,5 M€** Previsión investimentos mobilizados

**80 %  
axuda**

- ❑ Procedemento **IN417Z**: Mellora enerxética de pemes e autónomos do sector servizos con investimentos superiores a 1.000 €:
  - ❑ Actuacións subvencionables: Asesoramento enerxético, mellora da envolvente (toldos e láminas de control solar), dos equipamentos de iluminación, mellora enerxética das instalacións eléctricas, do equipamento, climatización e sistemas inmóticos.
  - ❑ Axudas do **80%** do investimento elixible.
  - ❑ Máximo 6.000 € por expediente sen contar a axuda correspondente ao asesoramento enerxético que estará limitada en función do consumo do centro de traballo.



# PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE CONCELLOS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS

**0,8 M€**

Prazo:  
15 de maio 2025

**+ 1 M€**

**30% - 100 %  
axuda**

## Previsión investimentos mobilizados

- ❑ Procedemento **IN418E**: Dirixida a entidades locais e a Comunidades Enerxéticas constituídas ou sen constituír:
  - ❑ Actuacións subvencionables:
    - a) **Planificación enerxética de concellos ou agrupacións de concellos**: Contratación dos servizos xurídicos e/ou técnicos precisos para a mellora da planificación enerxética e contratación das subministracións. Como resultado debe poñerse en marcha un proceso de contratación centralizada.
    - b) **Planificación enerxética de comunidades enerxéticas constituídas ou en fase de constitución**: asistencia técnica e/ou xurídica
  - ❑ Axudas do **30%** ata o **100 %** do investimento elixible en función do número de concellos agrupados, a poboación e o se son emprendedores.
  - ❑ Máximo 15.000 € por concello ou CE e ata 150.000 € por expediente



# PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE CONCELLOS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS

✓ Conceptos subvencionables:

## **a) Planificación enerxética de concellos ou agrupacións de concellos:**

Contratación dos servizos xurídicos e/ou técnicos precisos para a mellora da planificación enerxética e contratación das subministracións enerxéticas das entidades locais. Como resultado debe obterse:

- Un Estudo Estratéxico para a subministración enerxética da entidade local no que se contemple a promoción do aforro enerxético.
- Publicación no perfil do órgano de contratación, cando legalmente proceda, dun proceso de contratación centralizada de subministración enerxética, que aglutine cando menos aos concellos agrupados na solicitude ou representados pola entidade local.



# PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE CONCELLOS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS

✓ Conceptos subvencionables:

## **b) Planificación enerxética de comunidades enerxéticas constituídas ou en fase de constitución:**

Contratación dos servizos de asistencia técnica e/ou xurídica para definir ás infraestruturas enerxéticas necesarias e a definición, elaboración ou ampliación dos estatutos da Comunidade Enerxética.

Co obxecto de contribuír a sostibilidade da comunidade enerxética esta deberá dispor dun estudo de viabilidade económica na que se avalíen cando menos os investimentos a realizar, a financiación destes, os costes operativos e os ingresos previstos nun horizonte temporal mínimo de 10 anos. Serán subvencionables os custos do estudo de viabilidade económica e tamén os custos de actuacións de difusión para a captación de socios.

Como resultado debe obterse:

- No seu caso, estatutos e acta de constitución da CE.
- Anteproxecto das infraestruturas enerxéticas previstas.
- Estudo de viabilidade económica da Comunidade Enerxética.
- Cando proceda, memoria descritiva das actuacións de difusión.

# PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE CONCELLOS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS

## ✓ Beneficiarios:

**a) Planificación enerxética de concellos:** as entidades que integran a Administración local conforme ó artigo 3 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local ou as agrupacións das entidades anteriores en base a un acordo marco no que se especifique en que porcentaxe participa cada unha e se estableza unha persoa única a efectos de notificación.

**b) Planificación enerxética de comunidades enerxéticas:** comunidades enerxéticas xa constituídas e con residencia ou establecemento en Galicia. Sen prexuízo de que podan presentar solicitudes de axuda previas á constitución da comunidade enerxética sempre e cando formalicen a constitución antes da finalización do período de xustificación.

# PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE CONCELLOS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS

## ✓ Contía máxima da axuda:

### **a) Planificación enerxética de concellos ou agrupacións de concellos:**

| Agrupación de concellos | Intensidade da axuda |
|-------------------------|----------------------|
| Sen agrupar             | 30%                  |
| De 2 a 5 concellos      | 50%                  |
| Máis de 6 concellos     | 70%                  |

No caso de concellos cunha poboación inferior a 5.000 habitantes incrementarase a intensidade de axuda un 20 %. Incrementarase un 10 % adicional a concellos fusionados ou emprendedores (o aumento de intensidade de axuda por concello emprendedor non é acumulable co incremento por concello fusionado)."

No caso de concellos sen agrupar só poderán acceder a axuda se os pregos publicados permiten a adhesión ao contrato doutros concellos ou entidades públicas.

No caso de entidades locais que non sexan concellos, a intensidade de axuda se calculará en función dos concellos aos que represente. Establécese unha axuda máxima de 15.000 € por concello. No caso de acordo marco entre varios concellos a axuda máxima aplicarase individualmente a cada concello da agrupación. No caso de entidades locais que representen a varios concellos aplicarase unha axuda máxima de 15.000 € por cada concello que represente a entidade local e que aporte subministracións enerxéticas da súa titularidade ao contrato centralizado cun máximo de 150.000 € por expediente.

# PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE CONCELLOS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS

✓ Contía máxima da axuda:

**b) Planificación enerxética de comunidades enerxéticas constituídas ou en fase de constitución:**

- A intensidade da axuda será do 80% do custe elexible da actuación cun máximo de 15.000 € de axuda por solicitude.

# PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE CONCELLOS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS

- ✓ Listaxe de empresas interesadas en prestar servizos de planificación enerxética ás entidades locais e comunidades enerxéticas no contexto do procedemento:

\*\* Para solicitar a inclusión na listaxe debe remitirse a INEGA el Anexo IV da resolución, a través do seguinte link: [https://appsinega.xunta.es/plan\\_concellos23/web/presentacion/anexoV/](https://appsinega.xunta.es/plan_concellos23/web/presentacion/anexoV/)

 INSTITUTO  
ENERXÉTICO  
DE GALICIA

PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE ENTIDADES  
LOCAIS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS 2023

SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NA LISTAXE DE EMPRESAS INTERESADAS EN PRESTAR SERVIZOS DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA  
ÁS ENTIDADES LOCAIS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS NO CONTEXTO DO PROCEDEMENTO IN418E

PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DO ANEXO IV

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL:

NIF:

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NIF:

# PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE CONCELLOS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS

- ✓ Listaxe de empresas interesadas en prestar servizos de planificación enerxética ás entidades locais e comunidades enerxéticas no contexto do procedemento:

\*\* Para consultar a listaxe de empresas interesadas en prestar servizos de planificación enerxética ás entidades locais e comunidades enerxéticas pódese consultar o seguinte link: [https://appsinega.xunta.es/plan\\_concellos25/consulta/](https://appsinega.xunta.es/plan_concellos25/consulta/)

 INSTITUTO  
ENERXÉTICO  
DE GALICIA

PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE ENTIDADES  
LOCAIS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS 2025

LISTAXE DE SOLICITUDES ANEXO IV APROBADAS

A listaxe actualizarase automaticamente segundo se remate o proceso de revisión das solicitudes presentadas

Búsqueda por Entidade:

PROVINCIA:

CONCELLO:

Ámbito Xeográfico:

Especialización:

BUSCAR

Seleccione

-- Seleccione unha provincia --

Seleccione Ámbito

Seleccione Especialización

Listaxe de entidades que coinciden ca búsqueda

| Entidade                                  | Dirección             | Concello   | Provincia  | Teléfono  | Ámbito Xeográfico | Especialización    |
|-------------------------------------------|-----------------------|------------|------------|-----------|-------------------|--------------------|
| PANSOGAL SL                               | FORTE DO OURO         | OLEIROS    | A CORUÑA   | 609268063 | TODA GALICIA      | TÉCNICA E XURÍDICA |
| PONTESOL INGENIERÍA E INSTALACIONES, S.L. | PADRE FERNANDO OLMEDO | PONTEVEDRA | PONTEVEDRA | 623595424 | TODA GALICIA      | TÉCNICA            |

## PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE CONCELLOS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS

Na convocatoria do ano **2023** concedéronse un total de 35 axudas, 15 correspondentes a liña de “Planificación enerxética de entidades locais” na que estaban representados un total de 31 concellos, e as outras 20 correspondentes a liña de “Planificación enerxética de comunidade enerxéticas” entre as que cabe salientar 16 solicitudes de comunidades sen constituír, o que da unha boa proba do carácter incipiente destas asociacións e o interese que suscita a súa posta en marcha.

| Tipoloxía solicitante | Expedientes concedidos ou propostos | Axuda concedida ou proposta (€) | Investimento asociado a axudas concedidas ou propostas (€) |
|-----------------------|-------------------------------------|---------------------------------|------------------------------------------------------------|
| Concellos sen agrupar | 10                                  | 32.779,40                       | 104.386,00                                                 |
| Concellos agrupados   | 5                                   | 174.496,46                      | 202.289,70                                                 |
| CE sen constituír     | 16                                  | 135.060,00                      | 168.825,00                                                 |
| CE constituídas       | 4                                   | 39.800,00                       | 64.505                                                     |
| TOTAL 2023            | 35                                  | 382.135,86                      | 540.005,70                                                 |

# PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE CONCELLOS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS

Na convocatoria do ano **2024** concedéronse un total de 51 axudas, 10 correspondentes a liña de “Planificación enerxética de entidades locais” na que estaban representados un total de 39 concellos, e as outras 41 correspondentes a liña de “Planificación enerxética de comunidade enerxéticas” epígrafe na que quedaron expedientes en listaxe de espera.

| Grupo                 | Expedientes concedidos ou propostos | Axuda concedida (€) | Investimento asociado a axudas concedidas ou propostas (€) |
|-----------------------|-------------------------------------|---------------------|------------------------------------------------------------|
| Concellos sen agrupar | 1                                   | 2.500,00            | 5.000,00                                                   |
| Concellos agrupados   | 8                                   | 324.549,10          | 363.800,00                                                 |
| <u>Supramunicipal</u> | 1                                   | 29.700,00           | 59.400,00                                                  |
| CE sen constituír     | 36                                  | 399.292,00          | 499.115,00                                                 |
| CE constituídas       | 5                                   | 45.814,40           | 57.268,00                                                  |
|                       | 51                                  | 801.855,50          | 984.583,00                                                 |



# PROXECTOS SINGULARES DE MELLORA DA SUSTENTABILIDADE ENERXÉTICA

**12,5 M€**

Prazo:

15 de setembro 2025

**+ 25 M€**

45% - 65%  
axuda



## Previsión investimentos mobilizados

- ❑ Procedemento **IN421J** para proxectos de eficiencia enerxética en empresas do sector industrial para proxectos na provincia da Coruña.
  - ❑ Actuacións subvencionables: proxectos de aforro e eficiencia enerxética en pemes que acaden unha rateo de aforro/investimento mínimo de 0,05 kWh/€. A rateo redúcese a 0,01 no caso de proxectos en pemes ou grandes empresas do sector industria que ademais xustifiquen unhas reducións do 30 % das emisións de CO<sub>2</sub>
  - ❑ Axudas do **45%** do coste subvencionable para gran empresa, **45% - 55 %** para mediana e **55% - 65 %** para pequena empresa en función do tipo de proxecto.
  - ❑ Axuda máxima de 3 M€ por expediente. Para grandes empresas límitase a un máximo de 80.000 € de axuda por emprego creado e mantido durante 5 anos.

## 2.2 ENERXÍAS RENOVABLES

# PROXECTOS DE DESCARBONIZACIÓN DO SECTOR DA AUTOMOCIÓN

**7 M€**

Prazo:  
30 de abril 2025

**+ 17,5 M€** Previsión investimentos mobilizados

30% -65%  
axuda



- ❑ Empresas do sector da automoción con centro de traballo en Galicia
- ❑ Actuacións subvencionables:
  - Proxectos de xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables para autoconsumo
  - Proxectos de almacenamento eléctrico combinado con xeración renovable
  - Proxectos de instalacións de produción, distribución e/ou consumo de H<sub>2</sub> renovable
  - Proxectos de instalación de biocarburantes, biolíquidos, biogás ou combustible de biomasa
- ❑ Axuda:
  - **45% - 55% - 65%** investimentos en xeración enerxía fontes renovables
  - **30% - 40% - 50%** investimentos para almacenamento eléctrico e consumo de hidróxeno renovable

# PROXECTOS DE ENERXÍA FOTOVOLTAICA NO SECTOR RESIDENCIAL EN ÁMBITOS NON URBANOS

**1,35 M€**

Próxima convocatoria en estudo

Termos similares á convocatoria segundo a Resolución do 29 de xaneiro de 2024

**+ 2,7 M€** Previsión investimentos mobilizados

**Ata 50% axuda**



- ❑ Persoas físicas para inmobles residenciais e comunidades e mancomunidades de propietarios de vivendas
- ❑ Actuacións subvencionables:
  - Instalacións de xeración fotovoltaica con ou sen almacenamento con baterías (exclúense as de chumbo-ácido)
- ❑ Axuda:
  - **Ata 50%** investimentos para fotovoltaica ou almacenamento

## 2.3 MOBILIDADE SOSTIBLE

# PLAN RENOVA O TEU VEHÍCULO 2025

**3,175 M€**

Prazo:

Ata 30 de setembro 2025

Fondos para particulares  
agotados

**+ 32 M€** Previsión investimentos mobilizados

De 3.000 a 4.600 € de  
axuda

- ❑ Procedemento **IN421U**: Plan renova o teu vehículo cun custo inferior ou igual a 42.000 € (ata 53.000 € en determinados supostos):
  - ❑ Actuacións subvencionables: Adquisicións de vehículos M1 (turismos) con emisións  $\leq 120$  g CO<sub>2</sub>/km ou N1 (furgonetas) con con MTMA  $< 2.500$  kg e emisións  $\leq 120$  g CO<sub>2</sub>/km ou  $\leq 185$  g CO<sub>2</sub>/km para MTMA  $\geq 2.500$  kg .
  - ❑ Requisito imprescindible achatar un vehículo M1 cunha antigüidade mínima de 10 anos ou N1 de 5 anos.
  - ❑ As axudas tramítanse a través de entidades colaboradoras (concesionarios ou puntos de venta) que se adhíren polo procedemento **IN421T** .



# MOBILIDADE ELÉCTRICA – MOVES III-2025

**20 M€**

Prazo:  
31 de decembro 2025

**+ 132 M€** Previsión investimentos mobilizados

30% - 80%  
axuda

- Actuacións subvencionables a empresas, autónomos, persoas físicas, sector público, comunidades de propietarios e outras entidades con actividade económica
  - Programa de incentivos I : Adquisición de vehículos eléctricos:  
**Turismos / Furgonetas / Cuadriciclos / Motocicletas**
  - Programa de incentivos II: Infraestrutura de recarga de vehículos.
- **Axuda para a adquisición de vehículos:** axudas fixas de 700 a 9.000€ por vehículo en función do tipo e características do vehículo e do solicitante, e de se se achatarra o non un vehículo de máis de 7 anos.
- **Axudas para a implantación de infraestrutura:** intensidade de axuda variable do 20 ao 80%. Máximo de 800.000 euros por proxecto.



**MOITAS GRAZAS POLA  
SÚA ATENCIÓN**

**INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

<https://www.inega.gal/es/ayudas>

Buzón Xeral: [direccionenerxia.inega@xunta.gal](mailto:direccionenerxia.inega@xunta.gal)



# INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA



XUNTA  
DE GALICIA